

Parte A2: *(Comprensión Oral + Expresión Escrita)*

A continuación vai escoitar un anuncio publicitario sobre un hotel.
(transcripción)

O Grove: Un paraíso peninsular

Se aínda non decidiu as súas vacacións, non o dubide! No Hotel Sálvora do Grove terá o que vostede precisa. Piscina climatizada ao aire libre, restaurante, bar, sauna e gardería son algúns dos nosos servizos. Tamén temos á súa disposición nos dormitorios: moble bar, conexión a internet sen fíos e televisión por satélite. E todo iso por un prezo moi asequible 35€ a habitación individual, 45 a dobre e 5 máis a de matrimonio.

Recomendámoslle que escolla a opción de “Todo Incluído” (100€ por persoa e día) xa que poderá degustar o mellor da nosa gastronomía: mexillóns da ría, nécoras, luras, pescada... E a posibilidade de incluír, a través da carta, as cigalas máis frescas e os camaróns máis saborosos por só 20€ diarios.

Non o dubide, faga a reserva das 9 ás 23 horas, chamando por teléfono e dándonos o nº da tarxeta de crédito, ou realizando un depósito bancario como fianza. Tamén pode facelo por fax co seu número do Documento de Identidade.

O Hotel Sálvora está, ademais, moi ben situado. Queda soamente a 10 minutos a pé da Illa da Toxa, onde poderá bañarse na praia e dar agradables paseos por unha das illas con máis encanto. Está a 5 minutos do centro e do porto, onde hai unha grande oferta de bares, restaurantes e pubs. Se desexa coller o coche pode facer interesantes excursións pola península do Grove e gozar das mellores praias en San Vicente e na Lanzada. A só 10 minutos encontrará o que vostede precisa.

Para chegar, pode vir pola rúa do porto, continuar pola rúa Salvadas ata o final, onde está o noso hotel. Ou ben, vir pola estrada principal, coller a terceira rúa, a rúa Mecos, ata encontrarnos.

Esperámolo no Hotel Sálvora.

Para máis información, chámenos ao 986 60 97 23.

Vostede vai pasar as vacacións cun amigo/a e é o encargado de encontrar a mellor oferta de viaxe. A partir da información, escriballe unha carta de 100 palabras (10 liñas), na que debe:

- Saudar.
- Manifestar alegría pola información encontrada.
- Dar información da oferta publicitaria sobre:
 - O servizo nos cuartos.
 - O prezo das comidas.
 - Tres comidas do menú do día.
 - Unha forma de realizar a reserva.
 - Os lugares que se poden visitar a pé.
- Ofrecerse para pedir máis información.
- Despedirse.